

## AUTORÍA

Carme Alvariño Alejandro  
Xosé Armas Castro  
Heladio Anxo Fernández Manso  
Mercedes González González  
Xosé Lois Gutiérrez Fajilde

Daniel Lanero Táboas  
Ramón López Facal  
María Luísa Paz Patiño  
Francisco Antonio Pérez Otero  
Víctor Manuel Santidrián Arias

# VIVIR DA TERRA. A LOITA DO CAMPESIÑADO GALEGO (1925-1975)

A Galicia rural ten sido vinculada ao atraso, á inmutabilidade, ao conservadorismo e ao caciquismo. Sen negar a existencia histórica de actitudes sociais e políticas conservadoras, o certo é que a nosa realidade é bastante más complexa.

Dende finais do século XIX, producíronse transformacións socioeconómicas, políticas e culturais moi profundas que mudaron por completo a face do mundo rural. Xunto con períodos de escaseza material, estancamiento produtivo e regresión política e social —como a longa posguerra posterior ao conflito de 1936-1939—, existiron etapas e movementos democratizadores, de construcción da sociedade civil e de modernización económica. É o caso do agrarismo de comezos do século pasado.

Porén, esta exposición didáctica céntrase na mobilización política e nos múltiples conflitos sociais que tiveron lugar na Galicia rural dos anos finais da ditadura franquista e na transición. Presenta a súa contribución á conquista social da democracia para integrar mellor o agro na explicación do cambio histórico na segunda metade do século XX.




COLABORAN



# A\_2

Vacas premiadas nun concurso en Pontevedra (1922)



Publicidade do Arado Dobarro (1916)

## Arado gallego sistema "Dobarro" Campeón de los Arados

Ventajas del Arado Gallego  
Profundidad de surco de 16 a 30 centímetros con una sola yunta de bueyes.  
Volteo perfecto y bien acabado.  
Tiro directo con timón de madera.  
Cambio de vertederas casi instantáneo.  
Materiales forjados de calidad inmejorable.  
Precio del Arado incluso timón de madera 70 pesetas,  
PARA PEDIDOS DIRIJIRSE A LOS  
Grandes talleres de Maquinaria Agrícola  
Antonio Dobarro.-Peregrina 59.-Teléfono 109  
PONTEVEDRA



«Anque o meu home vai fora, non terei voto, pero seguirei pagando todolos trabucos»  
(Castelao)

A finais do século XIX, máis do 85% da poboación era agraria.

Os campesiños seguían a pagar os foros e, ademais, tiveron que fazer fronte aos impostos establecidos polo Estado liberal (contribución territorial e consumos), contra os que se produciron protestas violentas pero carentes de organización. Os trabucos, sobre unha agricultura de autoabastecemento, non lle deixaron outra opción ao campesiñado que a emigración.

Nas primeiras décadas do século XX, o campesiñado accedeu á **propiedade da terra**, e arreventaron a producción e os rendementos grazas aos avances técnicos e á comercialización.

Neste proceso modernizador, o **asociacionismo agrario** e as remesas da **emigración** tiveron un papel crucial.

Formouse unha agricultura de pequenos propietarios e difundíronse melloras tecnolóxicas; os centros públicos, como a Misión Biolóxica de Galicia, desempeñaron un labor fundamental.

Os progresos afectaron sobre todo á gandería de producción cárnica para exportar ao resto do Estado.

**Sociedades e sindicatos agrarios** foron imprescindibles na modernización do agro, pois permitiron o acceso cooperativo á maquinaria e aos fertilizantes minerais, un investimento que os campesiños non podían facer individualmente.


## CARA A UNHA AGRICULTURA DE PEQUENOS PROPIETARIOS

# A\_3



Viñeta de Castelao

- Si tiene miedo lo acompañaré  
- Muitas gracias, pero non son  
rico nin escogue, ¿sabe?



Enterro das vítimas  
da masacre de Nebra  
(Porto do Son)



Mulleres asistindo a  
un mitin agrarista

No século xx continuaron producíndose motíns, como queda reflectido en xaneiro de 1901 no *Diario de Pontevedra*: «*As leiteiras formaban grandes grupos protestando contra o imposto. Algunhas que intentaban entrar na poboación foron golpeadas. Na estrada de Vigo foron guindados ao chan moitos cántaros. O leite formaba alí un verdadeiro regueiro.*».

A este tipo de protestas sumáronse, nas primeiras décadas do século xx, outras mobilizacións que se coñecen como o **agrarismo**. Un movemento heteroxéneo que tivo a súa base social no campesiñado parcelario, ben que na súa dirección participaron outros grupos. O sufraxio universal masculino foi un elemento clave para explicar o auxe do **movemento agrarista**.

O campesiñado, organizado en asociacións como o Directorio de Teis ou Acción Gallega, mobilizouse contra os impostos, os foros ou para denunciar o caciquismo. Aínda que a base destas organizacións foi na súa orixe a parroquia, promoveron estruturas más amplas de ámbito galego, especialmente entre 1918 e 1923. Utilizaron diferentes tipos de mobilización, desde a participación política ata o enfrentamento aberto coa Garda Civil. Nalgúns casos remataron con mortes, como as das catro labregas e un labrego nos sucesos de Nebra, en 1916.


## DOS MOTÍNS AOS MITINS

# A\_4

Cartilla individual cos cupóns de racionamento. Forcarei 1944



Modelo de muller na familia franquista.  
Cartel de propaganda, 1940



Mulleres vendendo no mercado.  
Santiago de Compostela, 1957

A política agraria da ditadura franquista nos anos corenta estivo condicionada pola autarquía. Os alimentos e produtos básicos racionábanse en cantidades taxadas en función do sexo e a idade.

Para asegurar a supervivencia, era práctica común mercar alimentos de estraperlo, comercio clandestino en que os prezos multiplicaban os oficiais. Algúns especuladores a conta do mercado negro amasaron grandes fortunas, mentres as clases populares, e sobre todo as mulleres, recorrián ao contrabando para sobrevivir. «*Levamos cousas de matute*», dicían elas.

Estes eran os riscos habituais, segundo conta I.G.N., de Espiñeira: «*Xuntábamo-nos pola noite na Ponte Cabalar, percorriamos quilómetros coa burra ou cos lotes ao lombo, escondíamonos da Garda Civil, encubríamonos unhas ás outras, áinda que un día tiven que tirar a Blanquita —a burra— por unha cuneta para que non nos colle森 a todas e levarmos unha malleira, como lle pasou a Josefa; ou termos que pasar a noite no calabozo*

Tamén atravesaban o Miño de madrugada, conducidas por un barqueiro a cambio dunha propina. Elas sorteaban os fielatos cos produtos, áinda que se limitaban ao transporte ata o punto final de venda por unha cantidade acordada.

Nos anos corenta fíxose popular esta rima: «*Que levas nesa saia / que tanto valor lle dás? / Levo garavanzos e fabas / para ir estraperlar*

**ASÍ SOBREVIVIMOS Á FAME**

# A\_5

Xatas frisonas. No marco da revolución verde, a agricultura galega especializouse na cría intensiva de gando



A motomecanización supuxo un gran sacrificio económico para as familias labregas

Dende mediados da década de 1950, o mundo rural experimentou en Galicia e España grandes transformacións demográficas, socioeconómicas e culturais.

Milleiros de mozos e mozas emigraron ás principais capitais do Estado e aos países más desenvolvidos de Europa occidental. Comezaba un rápido proceso de avellentamento e descomposición das comunidades rurais.

A agricultura tradicional foi desprazada pola **revolución verde**: unha agricultura industrial caracterizada polo uso do petróleo como fonte de enerxía. Outras das súas características son a introdución masiva nas explotacións de fertilizantes químicos, maquinaria ou sementes e animais mellorados xeneticamente, e o xurdimento de grandes agroindustrias multinacionais.

Os labregos responderon ás novas esixencias do mercado investindo en tecnoloxía e ampliando o tamaño das súas explotacións para seren más competitivos. Convertéronse así en **«agricultores profesionais»**.

O acceso á educación superior dos fillos e fillas de moitas familias campesiñas, as novas experiencias na emigración e a xeneralización dos medios de comunicación de masas espallaron polo agro novos comportamentos sociais, formas de consumo e valores culturais procedentes da cidade.

## DÚAS DÉCADAS DE GRANDES CAMBIOS (1950-1970)

# A\_6



Antiga mina de lignito das Encrobas.  
Ao fondo, a central térmica de Meirama

Mariscadoras traballando  
diante da Celulosa de ENCE, en  
Lourizán (Pontevedra)



O espazo rural sufriu de xeito singular as consecuencias do **desarrollismo** franquista. Nun territorio ata daquela identificado case en exclusiva coas actividades agrogandeiras, estableceronse infraestruturas industriais de grande escala e fixéronse visibles os primeiros efectos dun crecemento urbano non controlado.

Ao éxodo rural e ao abandono do modo de vida campesiño, engadíronse as consecuencias ambientais da modernización. A construción de encoros; a instalación da celulosa de Pontevedra; o proxecto de central nuclear en Xove; a mina das Encrobas ou a construción da autoestrada do Atlántico, foron exemplos senlleiros do choque entre unha lóxica agraria e outra industrial.

Tamén alimentaron **conflictos e mobilizacións sociais** que, máis alá das reivindicacións concretas, buscaban a **democratización** da vida política. Foi este o contexto en que fixo a súa aparición en Galicia o movemento ecoloxista. Como se podía ler no semanario **A Nosa Terra**, «*o ano 1979 vén a significar a culminación do desastre ecológico que se vía vir cada vez con más intensidade desde o comezo da década [...] O pobo galego, a clase obreira e as demais clases populares son as que farán frente aos proxectos que van destruír ainda más o medio ambiente».*


## NOVOS USOS DO ESPAZO RURAL

# A\_7



Castrelo de Miño  
antes e despois  
da construcción  
do encoro

Debuxo satírico de Toxo,  
de 1966, contra o espolio  
de FENOSA



Durante os anos cincuenta e sesenta, a ditadura franquista facilitoullas a empresas eléctricas, como FENOSA, a ocupación de terras para construír máis de trinta encoros, principalmente nos ríos Sil e Miño. Nalgúns lugares intentaron resistirse ao espolio.

En Castrelo de Miño expropiáronse miles de hectáreas de terras moi produtivas que pretendían pagar a prezos ridículos. Houbo mobilizacións masivas, espontáneas, con enfrentamentos coa Garda Civil, destruíuse maquinaria. As mulleres tiveron un protagonismo fundamental.

O PCE e a UPG sumáronse á protesta. Xosé Arias, militante comunista, lembra que «percorría quince ou veinte quilómetros en bicicleta pola noite, ciscando panfletos e cos coches alumándome por detrás. Tanto a policía como a Garda Civil andaban tolas...».

Mais esta acción tivo máis repercusión en Ourense e entre estudantes da Universidade que no Ribeiro. O seu maior éxito foi promover un manifesto asinado por 1.500 intelectuais, con ampla difusión en Galicia e na prensa internacional. O encoro empurrou á emigración 1.625 familias.

**FENOSA NON !**

# A\_8



Imaxe do filme *O Monte é noso*, de Llorenç Soler


Cadro sinóptico da relación de conflitividade nos concellos en repoboacións forestais (1941-1971)

CONCELLOS EN REPOBOACIÓN FORESTAL E PROTESTAS(1941-1971)

	PROTESTAS	CONCELLOS REPOBOADOS	CONFLICTIVIDADE (% de A en B)
CORUÑA	30	52	57%
LUGO	33	60	55%
OURENSE	25	60	41%
PONTEVEDRA	18	54	33%
TOTAL	106	226	46%

Fonte: Expedientes de repoblación, 1941-1971, ICONA – Eduardo Rico Boquete

Neste documento da Dirección Xeral de Seguridade menciónanse os feitos ocorridos no lugar de Xesteda-Cerceda (1963) en relación á oposición da veciñanza aos traballos do persoal do Distrito Forestal no monte veciñal da parroquia (Fonte: Araceli Freire Cedeira, *En defensa de lo suyo*, 2011)



Na ditadura franquista, o monte galego comezou a transformarse debido á política forestal produtivista e agroindustrial do réxime. Esta mudanza xerou unha forte oposición nas comunidades labregas, que foron adoptando diversas estratexias de resistencia cando viron usurpado o control das súas terras a monte.

O motivo máis visible dos conflitos foi a disputa polos usos e a propiedade do monte veciñal en man común. Nos anos cuarenta, a legislación franquista alterou o dereito de propiedade dos monte veciñais polo que comenzaron as mobilizacións. Nos anos sesenta, as mobilizacións reclamaban, ademais dun dereito histórico como era a propiedade dos veciños, a participación nos beneficios económicos xenerados polos montes xa repoboados.

Finalmente, no ano 1968 o Estado franquista viuse obrigado a recoñecer o dereito sobre o monte das comunidades rurais galegas.

## "O MONTE É NOSO": OS CONFLITOS RURAIS POLOS MONTES VECIÑAIS

# A\_9

Veciños das Encrobas no monte de Pau Rañao evitando a toma das terras pola empresa concesionaria e a Garda Civil



Xosé Castro



As mulleres estaban en primeira liña para facer más difícil a represión da Garda Civil

Manifestación na Coruña, o 29 de agosto de 1976, en solidariedade cos labregos das Encrobas



No ano 1976, As Encrobas (Cerceda, A Coruña) converteuse no símbolo da resistencia labrega contra a expropiación das terras por parte da empresa Fenosa que pretendía explotar unha mina de lignito próxima á central térmica de Meirama.

A Comisión de Veciños rexeitou o ridículo prezo da expropiación e, coa axuda do sindicato Comisións Labregas, denunciaron que eran: «*preto de 300 familias que obtenemos os recursos da agricultura e que somos labregos de profesión. Rematar con este medio de subsistencia que temos non hai indemnización que o pague.*»

Os labregos negociaron coa empresa, enfrentáronse á Garda Civil e acadaron o apoio de organizacións nacionalistas e de esquerda. Estes eran os lemas que se utilizaban nas súas protestas: **Non á expropiación; A terra é nosa e non de FENOSA; Cartos non, traslado da poboación.**



«*Tiñamos a Garda Civil enfrente apuntándonos cos fusís e detrás de nós os nosos homes empuxándonos para que os gardas non puideran con nós. Ás veces notabas a punta do fusil no peito e entrábache o medo por dentro...*» lembra unha das veciñas.

En xullo de 1977 acadouse un acordo que multiplicaba os prezos das terras expropriadas. A mina explotouse ata o seu esgotamento. O enorme burato que deixou no val está ocupado por un lago artificial. A contaminación da central continua ocasionando protestas.


## AS ENCROBAS A CEO ABERTO

# A\_10

Folla voandeira  
da oposición  
antifranquista



Cartel de Xaime Quessada  
sobre o conflito



Titulares da prensa  
clandestina comunista

**OS CAMPESIÑOS OURENSANS NON PAGAN A  
SEGURIDAD SOCIAL AGRARIA**

A ditadura introduciu un imposto que convertía en empresarios os titulares de explotacións agrarias. A partir de 1971 desenvolveuse un movemento campesiño de oposición ao pagamento da cota empresarial. As forzas antifranquistas (inicialmente as Comisións Campesiñas e o Partido Comunista, máis tarde organizacións nacionalistas) aproveitaron o descontento como elemento de oposición á ditadura.

**Carlos Barros**, dirixente clandestino comunista, lembra que «*existían datos claros dunha resistencia natural dos propios campesinos a este tributo, e á parte era unha cantidad apreciable para a súa época, sen unhas contrapartidas claras. O que fixemos simplemente foi apoiar o movemento espontáneo de resistencia contra ese imposto*».

A campaña de «**Non pagar**» prendeu con forza na provincia de Ourense, particularmente na comarca de Monterrei. A consigna de non pagar a cota empresarial, a repartición de propaganda, os escritos ás autoridades, a busca de apoio dos cregos progresistas foron formas utilizadas para estender unha protesta que envolveu sectores relativamente amplos do campesiñado.

A resposta da ditadura foi a represión, tanto en forma de multas contra os campesiños como co procesamento polo Tribunal da Orde Pública dos activistas antifranquistas.


**NON PAGAR**

# A\_11

Marcha de protesta a Xove



Imaxe do lugar escollido para instalar a central



Cartel anticentral de Comisións Labregas



Icona reivindicativa da época

En 1973 Fenosa anunciaba a construcción dunha central nuclear en Regodela, Xove. Inicialmente ben acollido, o proxecto foi rexeitado cando a poboación foi consciente de que a súa saúde e o seu tradicional xeito de vida poderían verse ameazados. As mobilizacións impulsadas por diferentes expertos, grupos ecoloxistas, asociacións culturais e organizacións políticas nacionalistas e de esquerdas, como o sindicato Comisións Labregas, non se fixeron esperar: «*Ao principio pareceunos ben o da central nuclear... logo, segundo foi chegando máis información, as opinións foron cambiando*», dicía Jesús López, ex-alcalde de Xove (*El Progreso 27-3-2011*).

A protesta más significada foi a marcha do 10 de abril de 1977. Así o expresaba un participante: «*Había xente de toda Galicia [...] foi unha concentración que naceu no boca a boca porque era difícil acceder a calquera información*». Baixo a convocatoria do sindicato Comisións Labregas, e cos berros de «*esta terra é nosa e non de Fenosa*» ou «*Galicia Ceibe poder popular*», seis mil persoas trasladáronse ata Regodela para proclaimaren a oposición cidadá á central.

A contestación social tivo unha tripla consecuencia. Evitou a construcción da central —descartouse definitivamente en 1984 ao se descubrir unha falla—, contribuíu a desgastar e democratizar o réxime franquista e a estender o movemento nacionalista galego polo eido rural.

**NUNCA (XOVE) A GUSTO DE TODOS**

## PRECIOS XUSTOS prós nosos produtos

Cartel do sindicato Comisións Labregas



VIERNES 10 DE MARZO DE 1978 PAG. 18

### DETENCION DE PIQUETES VIOLENTOS EN LA CORUÑA SINDICATOS AGRARIOS GALLEGOS, CONTRA LA "HUELGA DE LA LECHE"

Santiago de Compostela, 9. (Efe.) Una auténtica «guerra» se está desarrollando en Galicia como consecuencia de la postura adoptada por Comisións Labregas, que está imponiendo una «huelga de la leche» a los productores de la región. Este Sindicato Labrego Galego se ha enfrentado con todos los demás sindicatos de campesinos gallegos.

Piquetes de huelguistas impiden a la mayoría de los productores de leche a entregarla a los camiones que la recogen, vaciando los envases en que se transporta y obligando a retornar a sus puntos de origen a los vehículos que salen para hacer las recogidas.

Artigo do diario ABC

Tractorada en Lugo, 1978



A expansión das cidades e a mellora da renda que fixo mudar a dieta incrementando o consumo de carne, ovos e lácteos aumentaron a demanda de produtos do agro.

O desfasamento entre o prezo que se pagaba aos produtores e o prezo final do produto nos mercados era moi grande. Os agricultores e gandeiros, para cubriren custos e acadar unha marxe mínima de ganancia, esixiron prezos garantidos á Administración. Protestaban polos grandes beneficios que levaban os intermediarios e polas esixencias de calidade que lles impoñían as agroindustrias. Como lembra un veciño de Cospeito:

*«Pois aí foi cando os meus pais deixaron as vacas. O que lle pagaban polo leite non chegaba para mantelas. E eu, que estudaba na Coruña, tiña que mercar ese leite a un prezo que nin che conto. Os que gañaron cartos nesa época foron os tratantes.»*

Entre 1960 e 1982 xeráronse conflitos sociais provocados polo prezo de venda dos produtos do agro. As **guerras agrarias** tiveron un carácter eminentemente comarcal. Na Limia (Ourense), o conflito centrouse na pataca, e nas comarcas do interior de Lugo e A Coruña, no leite.

Destes conflitos xurdiron novas modalidades de protesta que conseguiron unha gran participación, como as **tractoradas**, o estrago da produción e a venda directa. Os agricultores galegos buscaron modelos de relación directa entre o produtor e o consumidor que deron lugar ao nacemento das cooperativas.

## GUERRA DE PREZOS

# A\_13



MAPA DOS CONFLITOS CITADOS

